



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 27 | Marzo de 2020 | PRECIO 2 EUROS

II Enduro das Rosquillas en Ponteareas

Páxina 2

Salvaterra sen barreiras

Páxina 4

"Experiencias en adegas: da cepa á copa" en Salvaterra

Páxina 5

Ponteareas adxudica o servizo de baleirado de fosas sépticas

Páxina 6

I Xornadas sobre o Patrimonio do Condado

Páxina 7

O concello dotará de semáforo e paso de peóns a N-120 no IES O Barral

Páxina 9



Rúas ateigadas no entroido de Ponteareas

Páxina 2

Novas do Alto Minho

Carminho no Sons de Vez!

Páxina 10

Escola do Rock em Ponte de Lima

Páxina 10

Concurso de fotografía "Rostos da Minha Vila"

Páxina 12

Feira da Foda, Pias – Monção: Uma apologia à Gastronomia

Páxina 15

20 | 21 | 22 · MAR. 20

IV FEIRA DA FODA
PIAS · MONÇÃO

MARAVILHAS À MESA

CONDADO/PARADANTA

Rúas ateigadas no entroido de Ponteareas

A concelleira de Eventos, Cristina Fernández, destaca a alta participación de público no primeiro desfile de comparsas. Rúas e prazas ateigadas de persoas que elixiron Ponteareas para gozar do entroido.

Máis de oitocentas persoas desfilaron polo centro urbano facendo gala do mellor humor agasallando ao público creatividade e espontaneidade. 11 comparsas desfilaron polas rúas de Ponteareas, para xa na Praza Maior dar paso á lectura de coplas.

As actividades de entroido continuaron o martes co concurso de disfraces infantís amenizadas



polo pallaso Popín e coa categoría adulto conducido por Gossip Bufón.

Tamén houbo no mercado municipal un obradoiro de doces de entroido para nenas e nenos en colaboración con BANASTRA. O martes entregáronse os premios as comparsas e para rematar o público desfrutou da actuación de The Turre's Band.

O enterro da sardiña pechou o entroido o mércores acompañado da charanga SDK para dar lectura ao testamento na Praza Maior.

A concellería agradece o traballo e o espectáculo que ofrecen as comparsas que fan posible que se multiplique a ledicia do entroido e non se perda esta tradición.



Oito mozas e mozos de Ponteareas reciben en Gijón formación para a mediación en lecer nocturno

Oito mozas e mozos de Ponteareas, acompañados da técnica municipal responsable de voluntariado, Rocío Márquez, participaron no XIV curso de formación de mediadores/as en lecer nocturno xuvenil que se celebra en Gijón.

As voluntarias e voluntarios Alba Castro Pérez, Daniel Costa Melón, Inés Pereira Martins, Iria Pérez Rodeiro, Lara Macías, Loreto Gil Pazos, Noelia Sánchez Souto e Pablo Costa Melón, que participan nos programas e actividades da oficina municipal de voluntariado, asisten a esta formación organizada pola asociación xuvenil



"Abierto hasta el amanecer" coa colaboración da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e o concello de Gijón, asumindo o Concello de Ponteareas o seu desprazamento á cidade

No marco desta iniciativa, as voluntarias e voluntarios ponteareáns participarán na segunda

parte desta acción formativa, que terá lugar no mes de xuño en Sant Boi de Llobregat, Cataluña.

Ponteareas é o único Concello galego seleccionado para participar nesta formación, que supón un paso máis na consecución dunha sociedade participativa, implicada, responsable e formada.

II Enduro das Rosquillas

O vindeiro día 8 de marzo o ADC Picaraña xunto con Biziébike organizarán o II Enduro das Rosquillas no monte da Picaraña, unha das probas que forman parte do campionato de Enduro de BTT da copa da Galicia.

O evento contará coa participación duns 250 corredores e terá a sua saída dende o Pavillón Álvaro Pino o domingo as 08:30 horas finalizando no mesmo punto sobre as 14:15, onde se procederá coa cerimonia de entrega dos trofeos

nas distintas categorías.

Os corredores ascenderán en 4 ocasións a cota da Picaraña, para proceder de forma individual a descender noutras tantas ocasións por circuitos específicos e trazados nas ladeiras da Picaraña, sendo este descenso cronometrado e o que marcará as posicións finais dos corredores.

A organización, coa que colabora o concello, quere agradecer aos patrocinadores e comunidades de montes de Arcos, Bugarín, Oliveira e Ponteareas o seu apoio.

FUCO PRADO



EDITORIAL

■ Por Guillermo Rodríguez, Director



Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo!!

Parece que foi o grego Arquímedes, matemático, físico, astrónomo, etc., que viviu nos anos antes de Cristo, quen pedía un punto de apoio que el se encargadaba de mover o mundo. Ao parecer solicitaba medios de comunicación que falaran dos seus proxectos, descubrimientos, etc.

Esta frase histórica ten outra versión: "dádeme unha escola e moverei o mundo". Claro que tanto unha frase, como a súa posible copia xa son historia.

Hoxe non existe esa escola que puidera mover o mundo, nin os medios de comunicación que axudaran a descubrir novos avances na historia da Humanidade, tanto a nivel científico, como a nivel moral ou ético que non leven nas súas entrañas o virus da súa propia destrucción, que diría Marx respecto do capitalismo.

A escola deixou de ser esa panca sobre a que todos nos apoiamos dende os anos mozos para erguer a cabeza e descubrir que había máis aló das nosas fronteiras. Non dispoñíamos de máis escaleiras para acadar os límites do horizonte coñecido. Só tiñamos poucos e maos libros e as "clases-conferencias" dos profesores que, con máis ganas que competencia, tentaban abrinxos os ollos ata onde estaba permitido, non fora que nos instruísemos cousas que eran tabú (algunhas seguen sendo tabús áinda hoxe).

Como os horizontes eran tan estreitos, tan limitados aqueles que tiñan certa fame de saber ían metendo o focinho, como podían, para se ilustrar e comprobar que outro mundo existía. Era certo, existía; pero estaba tapado, tapiado, de tal maneira que canto más averiguabas más te decatabas que xa estaba deseñado de tal maneira que foras por onde foras, cheiraras onde cheiraras, sempre ías dar ao mesmo lugar: a Historia, con maiúscula, era escrita polos vencedores; eles tiñan decidido o que deberías ou non coñecer. Vencedores en todos os campos do saber e vencedores en todos os campos do vivir diario. Publicacións, traballo, modos de producción, etc. Todo

atado e ben atado.

Houbo un momento en que, tal vez por distracción, parecía que os cidadáns podían acadar certo poder de información. Podían manifestar os seus pensamentos, descubrimientos científicos e literarios, e ata no mundo da arte. As monarquías ían rematando (áinda que quedaban restos que duraron ata hoxe); os pensadores, filósofos, literatos saíron á rúa berrando os seus saberes para que soubéramos que podíamos controlar as nosas vidas, o noso futuro. Algunxs foron tan tolos que se mataron entre eles, con todo non deixaba de ser unha enorme fiesta pola que entraba unha brisa que nos enchía de ar puro, saudable, reconfortante.



Emporiso aquilo durou pouco. As coroas reais foran substituídas polos poderes económicos e os loucos pensadores ían afocinando unha e outra vez contra os novos intereses que viñan cabalgando a toda presa para ocupar aquel oco deixado polas monarquías, polos poderes que dicían viñan do ceo.

Alguén nas alturas caeu na conta de que as cousas se lle estaban indo das máns. Que ao mundo, léase aos cidadáns, non nos podía deixar soltos de todo porque non eran conscientes do "perigo" que corrián as súas vidas, o seu futuro. Entón, chegou Paco coas rebaixas e mandou parar. E nunca mlelor dito, o de Paco.

Xa tiñamos superado a fase de "do van leyes, do van Reyes". Parecía que puideramos

ditarnos normas de vida, de comportamento, de pensamento sen ataduras. Mentira. Iso podía volverse perigoso. Había que poñer un control. O mundo non se podía deixar mover por calquera. Se había que moveo xa se faría pero con tanto, con control. Os experimentos mellor con gasosa; o champaña sae caro. Neste punto a historia mundial porén moito máis a europea sufriu cambios importantes. Asistimos a dúas guerras mundiais que delimitaron o mapa do mundo desenvolvido para o resto do tempo que viña detrás. Iso durou ata hoxe mesmo. Agora xa se presentan novos retos, novos mapas. Non sabemos ben quen ten todo o Poder.

Aquelhas guerras crearon unha situación social, moral e política que marcou as nosas vidas para sempre. En España asistimos a unha guerra incivil que viña a rematar cos brotes de liberdade que o pobo soñara durante a breve República. España serviu de campo de probas para comprobar como se pode controlar toda unha sociedade a base de adoutrinamento e do control policial. Non imos entrar aquí en detalles. As barbaridades cometidas esixen un capítulo aparte. Hoxe queremos centrarnos na escola, no punto de apoio que solicitaba Arquímedes.

Algunxs tivemos a sorte de nacer e vivir nunha aldea. E digo a sorte, intencionadamente, porque foi a maneira de que cando abrimos os ollos e nos decatamos do mundo que nos tocara vivir xa tiñamos certa experiencia de como eran as cousas do comer e do pensar. Xa tiñamos noticias da sorte que correrán os que "intentaran ofrecer unha sociedade mellor, más ceibe, más xusta, más decente". Xa sabíamos o que significaba ser patriotas, bos españois, persoas decentes, serias, responsables e, sobre todo, obedientes. Logo, con esa maleta ás costas puidermos ir conformando e movendo o noso novo mundo. Puidermos informarnos pola nosa conta, puidermos saltarnos as normas de ser obedientes, de non conformarnos con aqueles saberes oficiais. Puide-

mos ultrapasar, que dirían os nosos amigos portugueses, os lindes da veiga pequena na que xogabamos cando nenos.

Tivemos a sorte de dispoñer da escola, pero xa non só como alumnos senón como humildes mestres encargados de "abrirlls os ollos ao mundo" aos raparigos e raparigas que, igual que nos tiña pasado, querían voar pola súa conta. Claro que nós, con aqueles miserables medios á nosa disposición poucas ás lle podíamos ofrecer. Si convencelos de que alí só podían conseguir erguer as columnas do edificio da súa vida, logo terían que amoblalo con outros materiais e enchelo de todo o que no mundo puideran atopar. Non darse nunca por vencidos. Alí comezaba a súa vida como unha novela na que serían o principal personaxe. Que foran aumentándolle capítulos ata que as forzas non lle deran para máis.

Así a todo, o problema estaba fóra. Aqueles rapaces e rapazas precisaban dun punto de apoio para mover o seu propio mundo e o mundo pouco lles ofrecía. Mellor, ofrecíanlle demasiadas cousas que non lle ían servir para amoblar aquel edificio que começaran na escola; todo o contrario, poderían ser como un virus que sen decatarse fora minando a súa fortaleza e rematara convencéndoos de que non merecía a pena esforzarse; todo estaba atado e ben atado. Eles, elas non eran más que carne de canón nunha guerra que tiñan perdida antes de comezala. E non lle faltaba razón.

Os nacidos nos anos corenta, como é o meu caso, e nos dedicamos ao ensino, fomos vítimas e ata protagonistas forzados dun ensino que estaba chamado a crear un exército de homes e mulleres (estas en menor contía) que debían ser os líderes do futuro.

Só nas capitais de provincia ou nas grandes cidades existían institutos nos que se podía estudar bacharelato. Isto era a condición necesaria para acceder aos estudos universitarios e, polo tanto, a conformar os cadros de dirixentes do novo país chamado España Imperial. ...

(O texto completo poden lelo en : www.novasdoeixoatlantico.com)

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Traducción e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foropeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foropeneira@gmail.com
Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocío Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Salvaterra sen barreiras



OIES Salvaterra de Miño entrega ao Concello de Salvaterra de Miño un estudo sobre a mobilidade de persoas con discapacidade visual e motora no casco urbano de Salvaterra de Miño.

Este proxecto foi realizado dentro do Proxecto Erasmus + KA3, ACT (Active Citizenship Projects to Enhance Pupils Social and Civic Competenced), Un proxecto de Cidadanía Activa para mellorar as competencias social e cívica.

O estudo é o resultado do traballo do alumnado de 3º da ESO da materia de Valores Éticos. Coordinado polo profesor de Filosofía consistiu nun traballo de campo feito polo alumnado de 3º da ESO

no curso 2018-2019, este alumnado foi observando nas rúas do casco urbano as necesidades e barreiras que podían impedir a mobilidade das persoas con algún tipo de discapacidade. Neste curso 2019-2020 acabaron a redacción e a maquetación do proxecto.

O proxecto "Salvaterra sen Barreiras" xurdiu despois dunhas xornadas de formación tanto de alumnado coma do profesorado. Unha vez redactado e entregado o estudo ao concello, servirá de base para efectuar as posibles modificacións que se precisen para mellorar a mobilidade en Salvaterra de Miño e contribuír a mellorar a calidade de vida de persoas con algúna discapacidade.

Tal e como vén sendo habitual, a colaboración entre as entidades educativas e o Concello, provocan unha vez máis un proxecto en conxunto que reverte na calidade de vida da veciñanza de Salvaterra., neste sentido a Alcaldesa, Marta Valcárcel, salientou a gran importancia deste tipo de iniciativas, que se enmarcan dentro das liñas de acción do propio Equipo de Goberno que nos últimos meses veñen de invertir na instalación dun salvaescaleras na Casa de Cultura de Salvaterra, de adaptar os baños, podar as árbores para poder transitar dunha maneira máis segura polas beirarrúas ou a instalación de beirarrúas na PO-400

Bolsa de traballo para auxiliar administrativo no Concello

OConcello de Salvaterra de Miño ven de aprobar en Xunta de Goberno o inicio dos trámites para a creación dunha Bolsa de Traballo para dar cobertura ás necesidades que poidan xurdir no desempeño do posto de "Auxiliar Administrativo" mediante unha funcionario/a interino/a.

Os interesados/as poderán presentar as súas solicitudes unha vez se publique o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no prazo dos dez días hábiles seguintes ao da inserción.

A licitación as concesións dos bares en instalacións municipais no Casal e Soutolobre

OConcello de Salvaterra de Miño ven de aprobar as bases para a licitación do contrato de concesión de servizos "Explotación do Bar - Cafetería das Instalacións Deportivas Casal" e do "Bar - Cafetería da Casa Municipal Multiusos de Soutolobre"

Nos próximos días publicárase no perfil do contratante as bases para o contrato de concesión de servizos de explotación de dúas instalacións municipais, por un lado a explotación do Bar Cafetería ubicado nas Instalacións Deportivas Casal, punto de encontro deportivo do Concello, onde entrenan os nenos e nenas das Escolas Deportivas de Salvaterra, diversos equipos de fútbol, ademais nas instalacións deportivas tamén se encontra o Campo municipal de Petanca e as Pistas de Padel.

Por outro lado tamén se saca a concurso a explotación do Bar Cafetería da Casa Municipal Multiusos de Soutolobre.

Todos aqueles que estean interesados terán un prazo, desde a publicación no Perfil do Contratante, de 26 días naturais para presentar as súas ofertas.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

SVLAVATERRA

“Experiencias en adegas: da cepa á copa”

Formacións do Concello de Salvaterra e a Confradía do Viño do Condado do Tea e Espumosos

O Museo da Ciencia do Viño, situado dentro do Castelo de Dona Urraca no municipio de Salvaterra de Miño, está a ser todo un referente cultural sobre a viticultura e enoloxía en España. Paralelamente ao labor cultural e didáctico que se desenvolve dende este espazo museístico, o “Concello de Salvaterra de Miño” e a “Confraría do Viño do Condado do Tea e Espumosos” acaban de presentar una oferta de cursos e actividades formativas para 2020, un proxecto ambicioso e pioneiro.

A primeira acción didáctica tivo lugar nunha recoñecida adega do municipio de Salvaterra de Miño, Pazo San Mauro. Durante a actividade formativa os participantes tiveron a oportunidade de coñecer que importancia ten a poda dentro



do ciclo vexetativo da vide, cales son as máquinas e utensilios adecuados para a realización destes labores de campo con éxito, así como a maneira correcta de executar poda no viñedo.

As actividade formativas teñen carácter mensual, sendo a temá-

tica para desenvolver diferente mes a mes: Febreiro: Poda de producción e formación en espaldera e outros sistemas; Marzo: Enxertos; Abril: Mantemento do chan. Labras; Maio: Manexo de vexetación. Poda en verde; Xuño: Enfermidades e pragas da viña. Enxertos; Julio: Limpeza de acios. Esfollado; Agosto: Seguimento de maduración. Toma de mostras; Setembro: Vendima. Elaboración de viños brancos e tintos; Novembro: Seguimento das distintas elaboracións.

Ditas “experiencias formativas” teñen un custo de 5€ por persoa e requieren inscrición previa no Museo da Ciencia do Viño de Salvaterra de Miño.



www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXO ATLÁNTICO
DIARIO SALVADOREÑO DE GALLERIA



CONDADO/PARADANTA

Ponteareas adxudica o servizo de baleirado de fosas sépticas

O goberno de Ponteareas vén de adxudicar o servizo municipal de baleirado de fosas sépticas por importe de 48.980,80 (ive incluído) que se financia con fondos propios e que permitirá aos case 8.000 veciños que carecen de saneamento contar con este servizo e que estas augas fecais sexan tratadas nunha estación depuradora.

Con este servizo pioneiro o goberno local BNG-PSOE levará ao pleno a aprobación da orde-

nanza creada para iniciar a presión de abril, unha vez que entre en vigor a normativa, estará xa a disposición dos fogares que carecen de saneamento municipal. Previamente o Concello informará á veciñanza do funcionamento do servizo e de como solicitalo.

Ademais de aproximar a equiparación de servizos, o goberno quixo tamén igualar o custe do gasto que supón para as familias. Deste xeito, os e as usuarias do

servizo de baleirado de fosas sépticas pagarán 45,72€ por cada baleirado, exactamente o mesmo que a taxa anual dos fogares que disponen de saneamento municipal. Tendo en conta que o coste fixado pola empresa é de 244,90€ (ive incluído) por cada baleirado, o Concello financia cada servizo con case douscentos euros. Con esta iniciativa o goberno tamén poderá coñecer a demanda real para planificar a continuidade do mesmo nos vindeiros anos.

O servizo de orientación laboral municipal asesora ao alumnado nos centros educativos

O servizo de orientación laboral do concello de Ponteareas comezou as visitas aos centros educativos da comarca do Condado para informar ao alumnado das saídas laborais e tamén da oferta de estudos da que dispón.

En concreto, esta nova ronda de visitas e charlas, que imparte a orientadora laboral Isabel Illán, comenzaron no IES Pazo da Merced do concello das Neves o 12 de febreiro, e o 19 de febreiro foi o turno do alumnado dos últimos cursos da ESO do IES do Barral, en Ponteareas. Preto de cen alumnos e alumnas participaron nestas primeiras sesións informativas



que se irán programando nos demás centros educativos da comarca ao longo deste curso.

O servizo de orientación laboral de Ponteareas está ubicado no Centro de Desenvolvemento Local e a él pode acceder toda a cidadanía que precise información sobre como reconducir a súa traxectoria laboral e de formación.

Ponteareas, a voltas coa seguridade

O grupo municipal de ACIP asegurou que en Ponteareas "os delincuentes campan ás súas anchas", que os veciños "sofren roubos constantemente", que a situación é "insostible", que a veciñanza "teme pola súa integridade ao acceder aos seus garaxes". Atribúen esa suposta situación "á falta de patrulla nocturna".

Segundo ACIP, no ano 2010 Ponteareas contaba con máis de 21 axentes, baixo o mandato do concelleiro de ACIP Juan Carlos G. Carrera; creándose patrullas dobles, controis disuasivos e seguridade cidadá, logrando dar un servizo á altura das necesidades. Hoxe hai 10 policías menos. ACIP di que segundo a Lei a Policía Local ten a obriga de ser efectiva e estar en activo.

Neste Concello isto non se cumple por abandono político.

Resposta do Goberno

O goberno do BNG-PSOE lembra que os datos oficiais que se analizan nas Xuntas Locais de Seguridade cada ano, cos responsables das forzas de seguridade do Estado, reflecten que a delincuencia en Ponteareas, ademais de ser baixa, ten unha tendencia á baixa desde hai tempo. Afirma que non é certo que non haxa patrulla nocturna: "Ponteareas sigue manténdo a pesares de que outros concellos tiveron que suprimila pola escaseza de persoal, como consecuencia das xubilacións anticipadas que se produciron por un cambio lexislativo e a lentitude dos procesos de selección de novos axentes".

Respecto á plantilla, o goberno afirma que "non é certo que as vacantes non se cubrían. Todas as vacantes desde o ano 2015 estanxe cubrindo e esta mesma semana a Academia Gallega de Seguridade comunicou xa a selección de catro novos axentes para Ponteareas que se incorporarán no verán. Este ano tamén se iniciarán os procesos para cubrir outras tres vacantes. As únicas prazas que se perderon por non convocállas corresponden cos gobernos do PP e independentes, antes de 2015".

Ponteareas conta actualmente con oito axentes activos e seis auxiliares temporais o que obriga a que a plantilla realice servizos extraordinarios para asegurar o mantemento das tres quedas diárias de traballo.

Novos avances para ampliar a depuradora de Ponteareas

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, valora positivamente os novos avances comunicados por ACUAES, sociedade mercantil estatal dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para a ampliación da EDAR de Ponteareas.

A sociedade estatal ACUAES fixo público a licitación do contrato que ten como obxectivo elaborar o documento ambiental para lograr a autorización ambiental procedente e, ao mesmo tempo, rematar a redacción de

dous proxectos; por un lado os novos colectores de saneamento e, por outro lado, o da EDAR ampliada.

Xosé Represas explica que dese forma executaranse ao mesmo tempo e con licitación independente as obras dos novos colectores na contorna do núcleo urbano e a ampliación da depuradora da Moscadeira.

A actuación será cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER 2014-2020, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE).

TAIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b1. PONTEAREAS
CITA PREVIA @ 986 641579
peluquerialtaierlml@gmail.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

WILSON'S
BAR

O TEU BAR DO MOTOR!

Avda. Castelao, 11 Ponteareas

PONTEAREAS

Expertos e estudiosos de historia falarán nas I Xornadas sobre o Patrimonio do Condado

A concellería de Cultura, que dirixe Fernando Groba, e o departamento de arqueoloxía da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, asinaron un acordo de colaboración que fará posible as I Xornadas sobre Patrimonio do Condado.

Grazas á iniciativa da concellería de Cultura e co apoio do concelleiro de Novas Tecnoloxías, Benito Márquez, Ponteareas acollerá durante cinco días o primeiro encontro que porá en valor o patrimonio da comarca e contribuirá na difusión desta riqueza histórica.

As I Xornadas sobre Patrimonio do Condado brindarán ao público a oportunidade única de escutar aos máis importantes estudiosos de historia, arqueoloxía e arte de dentro e fóra de Galicia totalmente de balde sendo tan só preciso inscribirse no endereço electrónico bibliotecamuseo@ponteareas.es ou a través do número de teléfono 986 66 07 65

A concellería de Cultura, co obxectivo de achegar as xornadas aos estudantes universitarios, acordou coa Universidade a concesión de 0,9 créditos ECTS para os estudiantes de grao. Ademais, tamén outorgarán un certificado de asistencia ás persoas participantes que asistan como mínimo ao 80% da actividade.

Xornadas Internacionais

As I Xornadas sobre o Patrimonio do Condado serán prácticas e teóricas e traerán a Ponteareas figuras do nivel do arqueólogo Xosé Lois Villar; Marta Cendón e María Luisa Castro da Universidade de Santiago de Compostela; o arqueólogo da Deputación Rafael Rodríguez; Juan Manuel Buján, Ministro Provincial dos Franciscanos; Carlos Andrés González Paz do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento; Clodio González Pérez do Museo do Pobo Galego e da Real Academia Galega; José Manuel Hidalgo Cuñarro do Instituto Histórico e Xeo-

gráfico de Santa Catarina Brasil; Rafael Sánchez Bargiela do Instituto de Estudos Tudenses e o arqueólogo Alberte Reboreda, entre outras figuras expertas en Patrimonio e Historia.

Estas primeiras xornadas terán oco para as iniciativas das asociacións culturais sobre o patrimonio do Condado e no xoves haberá unha mesa redonda na que participará Marcos Escudero e Marina Alcalde da A.C. Viaxamos no tempo, Nieves Barrera da asociación Rancho de Reis de Guláns e Arístides Carrera da asociación Patrimonio Cultural Val do Tea.

As e os participantes tamén desfrutarán de visitas guiadas ao Castro de Troña e aos petróglifos de Gargamala para ademais de coñecer o noso patrimonio, participar nunha clase práctica.

Toponimia, arquitectura, o medievo, as nosas orixes ou a historia da arte floral serán algúns dos temas nos que adentrará o público



da man dos expertos.

"Estas primeiras xornadas acherán a importancia do patrimonio histórico e cultural á ciudadanía, aos universitarios e ao alumnado

en xeral e tamén suporán unha oportunidade única de escutar a conferenciantes e expertos de dentro e de fóra de Galicia na nosa vila", explica Fernando Groba.

Vinoteca

Eira Vella

viños, tostas, pulgas e demás ...

Rosalía de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

INMOBILIARIA MERCA VENDA

Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CAFÉ
onde sempre

ondesempre circular

circular

reinventa, reutiliza, Recicla

mercadillo permanente

T. 679 054 070 • Rúa Redondela, 8 • PONTEAREAS

A CASA da TRIGA

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O concello dotará de semáforo e paso de peóns a N-120 no IES O Barral

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, anunciou que o Concello dotará de semáforo e paso de peóns a N-120 no IES O Barral neste ano 2020. O anuncio prodúcese logo de que o Ministerio de Fomento decidira autorizar esta actuación xunto co acondicionamento dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada e a iluminación nos accesos exteriores ao centro. O paso de peóns e semáforo era unha das principais demandas da comunidade educativa para paliar os graves problemas de seguridade vial que presenta o actual acceso ao instituto.

Con esta futura actuación completaranse os traballos de mellora da seguridade e mobilidade no entorno do IES realizados nos últimos meses pola concellaría de Mobilidade e Tráfico que consistiron na ordenación do espazo de aparcamento de dez autobuses, accesos peonís e circulación de vehículos, o acondicionamento da zona de aparcamento do persoal do IES,

habilitándose 40 prazas, así como a creación dun percorrido en sentido único con máis de 20 prazas de aparcamento para entrada e saída de vehículos de pais e nais. Segundo Mera "estas medidas, unidas á presenza diaria da Policía Local, reduciron a situación caótica e perigosa anterior, con coches estacionados no arcén da N-120, nenos cruzando a estrada sen control, etc.".

O PP dí que o BNG e PSOE rexeitan esixir ao goberno á mellora da N-120

O PP de Ponteareas aplaude a decisión do goberno de colocar un paso de peóns regulado con semáforo na N-120, á altura do IES Barral, pero advierte que non deixará de loitar por una mellora integral da seguridade neste vial.

Segundo os populares, o goberno de Ponteareas está asumindo competencias que lle corresponden a outros pois é unha medida que xa estaba contemplada na actuación do Ministerio de Fomento.

Mera lembrou que "os problemas de mobilidade e seguridade no IES O Barral débense á falta de planificación dos gobernos do PP cando se construíu o instituto sen crear uns accesos axeitados e sen contar co PXOM onde se prevé o acceso definitivo por un novo vial. Por iso é fundamental que a Xunta aprobe dunha vez o Plan Urbanístico, para dar unha solución definitiva a este grave problema".

En 2018, recorda o PP, o goberno de Rajoy destinou seis millóns de euros nos Presupostos Xerais do Estado para esta estrada. Hai un ano, o gobernó de Pedro Sánchez eliminou esta partida, e BNG e PSOE manifestan agora un acordo, en plena campaña electoral, para a redacción dun novo proxecto, ao seu paso por Xinzo. Areas e Arnoso, para o que farían falta, segundo Represas e Garrote, 2 millóns de euros.

Obras de mellora do Centro de Saúde de Ponteareas solicitadas polo PP local



Nestes días estase actuando sobre as filtraciones e humidades, nos próximos meses comezará a rehabilitación total da parte interior", din os populares.

Os populares tamén agradecen a ampliación do personal do Centro cun Médico de Familia, unha enfermeira e unha matrona (enfermeira especialista).

Os populares din seguir traballando na mellora dos recursos sanitarios do Municipio agradecendo á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo a súa actuación inmediata en relación á situa-

ción do Centro de Saúde.

"Só en materia de personal, nos últimos meses, contratouse de forma indefinida a catro médicos de familia e a catro enfermeiras" din dende o PP local.

Destacan a inversión de 47.000 euros para a compra de novo material sanitario, informático e de mobiliario. A partires de agora tanto os profesionais sanitarios coma os usuarios, poderán verse beneficiados de novos aparatos diagnósticos que permitirán aumentar a calidad da atención sanitaria en Ponteareas".

Lucía
Estudio Floral

Rúa da Esperanza, 26 | 36280 Ponteareas
Tel. 986 64 22 75 - Móvil 685 85 99 44
luciaestudiodeflor@gmail.com
SERVICIO A DOMICILIO

**CRISTALERIA®
CONDADO, S.L.**

Derrubados de Vidro

Tel.: 986 88 18 42
correo@cristaleriacondado.com

Avenida de Castelao, 9
36280 PONTEAREAS
(Pontevedra)

La Giralda
Contigo desde siempre
by Conchi Bargiela & Bego

VENTANA HOGAR
ALUMINIO · PVC · MADERA

986 64 41 12 - 636 28 61 08

Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS
ventanahogar@gmail.com

